




PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CONSTRUIMOS

VI CONCURSO TRABALLO POR PROXECTOS

CEIP. PLURILINGÜE GRAXAL 2018-2019



INDICE

- a.-Introdución.
- b.-Obxecto ou temática de investigación.
- c.-Breve descripción do deseño e elaboración da proposta.
- d.-Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
- e.-Tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
- f.-Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.
- g.-Implicación da comunidade educativa.
- h.-Difusión entre a comunidade educativa.
- i.-Avaliación realizada en función aos criterios da avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.
- j.-Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.



a.-Introdución.



Dende **LIBROLANDIA**, preténdese axudar a desenvolver de forma sistemática a competencia en información, a través da **participación en Proxectos de Investigación Documental**, xa que consideramos que é unha ocasión para a aprendizaxe de técnicas de acceso, valoración, uso e produción da información.

Neste curso, no noso centro, **todas as aulas participaron no PDI “CONSTRUÍMOS”, coordinado desde a Biblioteca escolar**. Cada aula fíxose “experto” nun tipo de construción de Galicia **construíndo proxectos de investigación** que contaron coa axuda da biblioteca para levalos a cabo.

As **actividades** que se levaron a cabo relacionadas coa educación en información clasificámonas en 3 fases: **busca, tratamento e comunicación**.

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/search/label/PROXECTO%20CONSTRUIMOS>



lse

Ceip. Plurilingüe Graxal



Práctica de múltiples linguaxes como canle de comunicación: oral, lectura, escrita.

As tic como canle de comunicación, información avaliación.

Aprender a pensar creativamente.


Comprensión da realidade social, cidadanía responsable, solidariedade, tolerancia...

Comprensión e valoración críticas das manifestacións culturais e artísticas.




Aprendizaxe significativa: capacidades, necesidades, oportunidades.

Capacidade para afrontar con éxito as situación nas que interveñen matemáticas e resolver problemas da vida real.



COMPETENCIAS CLAVE:
 Proxecto construímos



creatividade



Base da educación

motivación

iniciativa

Autoeficiencia
 responsabilidade

Conciencia


Emocional

Autocontrol

Habilidades sociais

Autoestima
 Autonomía

Como nos sentimos predispostos positivamente para aprender



b.- Obxecto ou temática da investigación.

SOMOS EXPERTOS E INVESTIGAMOS CONSTRUCIÓNS



4º INFANTIL: Muiños e hórreos



5º INFANTIL: Alvarizas e currais.



6º INFANTIL: Pazos e pontes.

1º PRIMARIA: Lavadoiros e pombais.



2º PRIMARIA: Alpendres e fontes.



3º PRIMARIA: Faros e cruceiros.



4º PRIMARIA: Castros e pallozas.



5º PRIMARIA: Igrexas e construcións prehistóricas.



6º PRIMARIA : Casas mariñeiras e casas labregas.





c.- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

QUE?



COMO? - CANDO? - DONDE?

- Reunións periódicas cos compañeiros.
- Asistencia a cursos de información, exposicións, conferencias.
- Actividades conxuntas cos equipos: normalización, actividades extraescolares, biblioteca...
- Comunicacións: blog, redes sociais, correo, axendas, libros viaxeiros e de información, exposición de traballos.



A **metodoloxía** activa, cooperativa, participativa e comunicativa.

Traballo por proxectos dentro dunha visión constructivista do aprendizaxe.



Aberta e flexible para adaptarse a todos os nenos e nenas.

ESCOLA EN GREGO QUERE DECIR "CÍRCULO" A BIBLIOTECA AXÚDANOS ACREAR E CERRAR ESE CÍRCULO

QUE SABEMOS?

QUE QUEREMOS
SABER?

QUE APRENDEMOS




MIRAR

O **diálogo** é importante para elaborar xuízos propios que fomenten a pluralidade de opinións así como o respecto polas opinións contrarias. **DIALOGAR**

INVENTAR

Os **proxectos da traballo** incentivan e fomentan a participación da comunidade educativa. **INVESTIGAR**






ESCOITAR


CREAR

DISFRUTAR

INTERPRETAR




AS NORMAS E HÁBITOS TAMÉN SON IMPORTANTES



d.- Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

Selección de fondos: seleccionáronse numerosos fondos documentais e material manipulable da biblioteca, para traballar distintas temáticas nas aulas.

Estes materiais achegáronse a través das caixas de aula, das exposicións temáticas dos corredores ou directamente



<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2018/10/novos-materiais.html>

solicitándoos ao

equipo de biblioteca.

Recursos TIC: no blog de LIBROLANDIA, facilítanse varios recursos dixitais, tanto para o traballo do PDI coma para outras temáticas que se traballan ao longo do curso e que se poñen á disposición da comunidade educativa. Elaborouse un panel coas

<https://www.youtube.com/watch?v=RhAL2zlrpGs>

aula e asociouse a un código QR. Escaneando este pódese acceder a información sobre as construcións.



construcións que teñen que traballar cada código QR coa tablet


<http://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/01/construimos-enlaces-as-paxinas.html>


Dende blog tamén podemos acceder a unha páxina de **Symbaloo** que elaborouse con diversos enlaces relacionados co PDI e coas di-




Plantillas para plasmar a información: púxose a disposición do alumnado e o profesorado unhas plantillas para recoller información.

versas construción.






Taboleiros para o Escornabot: creáronse diversos taboleiros para os **Escornabots**, relacionados co PDI. Fixéronse diversos obradoiros de robótica para sacarlle maior partido aos novos



<http://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/03/obradoiro-de-robotica.html>

Cartaces informativos e obradoiros: dende a biblioteca escolar elaboráronse diversos **cartaces** informativos para expoñer no centro ou nas redes sociais e no blog.



Escape room: neste curso realizáronse dúas actividades de **escape room**. Os participantes tiñan que buscar as pistas no blog todas estaban relacionadas con construcións de Cambre.




<http://bibliolibrolandia.blogspot.com/2018/10/scape-graxal.html>

Google Maps: Creouse un xogo de tarxetas sobre construción importantes do mundo e de Galicia



<http://bibliolibrolandia.blogspot.com/2018/12/construccions-na-pdi.html>



e.-Tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

Foron moitas as tarefas realizadas polo alumnado ao longo do proxecto: tarefas de **busca de información**, **tratamento** e **comunicación**.


Busca de información: na biblioteca, escoitando a expertos, visitando lugares... Neste curso visitáronse numerosas construcións, para coñecerlas e ampliar a información sobre elas. As visitas foron acompañadas das explicacións dos expertos que as ían amosando. Entre outras visitáronse as seguintes construcións: Dolmen de Dombate, Castro de Borneiro, torre de Hércules, Castelo de San Antón, A Casa de María Pita, Baños Termiais de Cambre, a ponte do Burgo, Igrexa Románica de Cambre, Castro enterrado de Cambre, Pazo de Mella onde puideron ver un pombal, unha lareira..

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/04/visita-as-construccion-de-cambre.html>



Tratamento da información : elaboráronse moitos libros e álbumes ao longo do proxecto así como maquetas .

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/06/libros-editados.html>



Comunicación: O alumnado acudiu as aulas como expertos en diversas construcións e lugares para comunicar ao resto da comunidade educativa as aprendizaxes adquiridas.

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/04/construindo-en-familia.html>





f.- Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.

CON QUÉ?

LIBROS



ENTREVISTAS



MAPAS



CONCERTOS

PRENSA



ROBÓTICA

REVISTAS



VISITAS

BLOG



INTERNET
CÓDIGOS QR



EXPERTOS

MAQUETAS




TEATRO



CINE




VÍDEOS



POESÍA

CADROS



FOTOGRAFÍA


TICS



STEAM




EXPOSICIÓN



CARTACES



CONSTRUIMOS




g.-Implicación da comunidade educativa.

Todas as aulas participaron, no PDI. Todas fixeron algún traballo de investigación, aportaron material para a exposición e participaron en actividades conxuntas coma o entroido, no que todo o alumnado e un gran número de mestres foron cun disface relacionado coa construción que lle tocaba investigar. En todas as aulas, fíxose un traballo moi completo de busca e tratamento da información para o PDI “CONSTRUÍMOS”.

Toda a comunidade educativa, en maior ou menor medida participou activamente construíndo neste gran proxecto.

É salientable a participación e **implicación das familias** na vida do centro con actividades de información, elaboración de materiais, dramatizacións.




<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/search/label/CONSTRU%C3%8DNDO%20EN%20FAMILIA>

Visitas a construcións por parte das familias: moitísimas familias do centro visitaron de xeito individual numerosas construcións de Galicia. Algunhas destas familias prepararon a información que obtiveron nas visitas e foron ás aulas a explicar o que viron.



<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/04/construindo-en-familia-ponte-da-xira.html>



Presenza de “expertos” nas aulas e na biblioteca: o alumnado obtivo información a través de “expertos” que viñeron ás aulas, ben para falar do PDI ou outras temáticas que se estaban traballando nas aulas. Estes, en ocasións eran profesionais pero tamén contamos coa presenza de familias e alumnado doutras aulas.



<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/04/o-museo-arqueoloxico-de-cambre-nas.html>

Este ano tamén participaremos na **Open Science Cambre**, que terá lugar no mes de setembro.

Compartimos un taboleiro de Pinterest con ideas para facer en familia, algún experimento relacionado coa construción e a arquitectura.

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/search/label/steam>



https://www.pinterest.es/bibliolibrolandia/open-science-2019-construimos-en-familia/more_ideas/?ideas_referrer=9

As **familias** tamén participaron aportando fotografías para a elaboración do libro editado por

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/04/en-familia-buscando-construccion-por.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=dHu2tmxZDao&feature=youtu.be>



Construción solidarias: Os mestres de Educación Física estiveron traballando con todo o alumnado de Primaria intentando que se puxeran na pel daquelas persoas que se atopan no medio dun conflito bélico e teñen que fuxir para protexer a vida dos seus. Con esta actividade tamén traballaron o tema do PDI proposto pola biblioteca realizando construcións de refuxios.



<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2019/02/en-educacion-fisica-tamen-traballamos.html>

As **alumnas en prácticas**, realizaron co alumnado unha construción con bolsas de plástico. Ensinándolle aos nenos como darlle unha segunda vida aos plásticos creando esta estrutura 3d.

<https://bibliolibrolandia.blogspot.com/2018/12/construimos-reciclando.html>





h.-Difusión entre a comunidade educativa.

A **xornada de portas abertas** co gallo da celebración do día letras galegas é o resumo deste gran proxecto no que toda a comunidade educativa puido desfrutar do resultado final do proxecto construimos. Toda a comunidade educativa participou nesta **gran exposición**.



O alumnado repartindo a guía da exposición e agasallando con verbas a os asistentes.



EXPOSICIÓN

- CONSTRUCCIÓN PREHISTÓRICAS
- CONSTRUCCIÓN ARTÍSTICAS
- CONSTRUCCIÓN DIXITAIS
- CONSTRUCCIÓN MATEMÁTICAS
- Exposición : "AS NOSAS CONSTRUCCIÓN"
- CONSTRUCCIÓN ROMANAS
- "MURAL DE ROSALÍA"
- "RECUNCHO DE SEOANE"
- "A LIÑA DO TEMPO NAS LETRAS GALEGAS"
- Exposición fotográfica: "OS NOSOS DISFRACES"
- Exposición: "A CASA GALEGA"
- Exposición: "MULLERES LABREGAS, MANS DA TERRA"
- ALMANAQUE: "AS NOSAS CONSTRUCCIÓN"
- CONSTRUCCIÓN LITERARIAS
- CONSTRUCCIÓN SOLIDARIAS
- CONSTRUCCIÓN POBO DO TEMPLE
- ENLACES CONSTRUCCIÓN
- MURAL DE SEOANE: "TEXTOS, PAISAXES E POLBOS"

casas labregas



construcción matemáticas



as nosas construcción



Escoitamos a **opinión de familiares e mestres**.



mulleres labregas mans da terra




Mestres e alumnado guía aos asistentes ao longo do percorrido.

As redes sociais : ao longo do proxecto empregáronse diversas redes sociais para difundir e para dar ou recibir informacións varias.



<https://youtu.be/wUDbR78j7M4> (vídeo da xornada de portas abertas da exposición).





i.-Avaliación realizada en función aos criterios da avaliación e as competencias clave do currículo.

Autonomía e identidade persoal: adquirir estratexias precisas para defender o propio criterio. Contrastar ideas e aportacións diferentes.

Competencia social e cidadá: escoitar e respectar as aportacións e información que aportan os demais.

Competencia cultural e artística: Recoñecer as características propias das construcións
Identificar cada construción no seu contexto.

Competencia en comunicación lingüística: Participar dos diferentes materiais da biblioteca e das aulas con actividades como : expresión oral de ideas, presentación de pequenas investigacións , obras de teatro e dramatizacións...

Aprender a aprender: Observar, manipular, explorar o contorno , buscar información e extraer conclusións. Tomar conciencia da importancia da investigación.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico: Coñecer os diferentes medios onde atopamos construcións , facendo comparacións, inferencias e comentarios diversos.

Competencia matemática: Construír un pensamento lóxico e usalo na vida real. Empregar de xeito creativo diversos materiais para construír.

Competencia dixital: buscar, seleccionar, procesar e comunicar información.


Porcedementos empregados





J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

ESCOLA EN GREGO QUERE DECIR "CÍRCULO" A BIBLIOTECA AXÚDANOS A CREAR E CERRAR ESE CÍRCULO.



A BIBLIOTECA É O CENTRO DA ESCOLA

*A FUNCIÓN PRINCIPAL É APRENDER A PENSAR CONSTRUCTIVA E
INTELIXENTEMENTE PARA DESENNOLAR UNHAS COMPETENCIAS
QUE LLES PERMITAN AVANZAR NA VIDA E EN CALQUER MATERIA
DO CURRÍCULO.*

*A BIBLIOTECA É A AGLUTINADORA DA COMUNIDADE DE
APRENDIZAXE.*

